



# PLAN DIXITAL

## CIFP Imaxe e son

Xuño 2022

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### Datos básicos do centro

Centro	Enderezo	Web	Mail
CIFP Imaxe e son (15027800)	Rúa Someso, número 6. CP: 15008 A coruña	<a href="http://www.cifp.eis.gal">www.cifp.eis.gal</a>	cifp.imaxe.son@edu.xunta.gal

A Escola de Imaxe e Son da Coruña é un Centro integrado de formación profesional, que forma parte da rede Centros Integrados de Formación Profesional de Galicia, que inclúe 23 centros en total, os cales se caracterizan pola acreditación de competencias profesionais das familias profesionais que os componen e un minucioso control da calidade do proceso educativo, regulado no Real Decreto 1558/2005 de 23 de decembro. O centro é un referente do sector do audiovisual en Galicia e España, xa que forma a unha porcentaxe moi elevada dos profesionais do audiovisual galego, reforzando así o seu papel fundamental no sector.

### - Oferta educativa

A oferta educativa do CIFP Imaxe e Son é ampla, incluíndo actualmente todos os ciclos formativos superiores da familia profesional de Imaxe e Son, restando só o grao medio de Técnico en Video Disc-Jockey e Son para ofertar tódalas titulacións da familia.

Réxime xeral ordinario	Horario
CS Iluminación, captación e tratamento da Imaxe	De 8.30 a 15.00 h
CS Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos	De 8.30 a 15.00 h
CS Producción de audiovisuais e espectáculos	De 8.30 a 15.00 h
CS Son para audiovisuais e espectáculos	De 8.30 a 15.00 h
CS Animación, 3D, xogos e contornos interactivos	Mañás: De 8.30 a 15.00 h
	Tardes: De 18.30 a 22.30 h
Réxime modular	
CS Iluminación, captación e tratamento da Imaxe	De 18.30 a 22.30 h
CS Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos	De 18.30 a 22.30 h
CS Producción de audiovisuais e espectáculos	De 18.30 a 22.30 h
CS Son para audiovisuais e espectáculos	De 18.30 a 22.30 h
CS Animación, 3D, xogos e contornos interactivos	De 18.30 a 22.30 h
Réxime distancia	
CS Producción de audiovisuais e espectáculos	De 18.30 a 22.30 h

<b>Acción Formativa para Desempregados (AFD)</b>	
Asistencia á produción cinematográfica e obras audiovisuais	Mañás: De 8.30 a 15.00 h
	Tardes: De 18.30 a 22.30 h

### - Características do alumnado

No presente curso 2021/2022 o alumnado é de 539 persoas distribuídas en cinco ciclos formativos con 17 grupos. O perfil do alumnado ten un nivel socioeconómico medio e unha media de idade de 21 anos, ao convivir no centro alumnos dos réxime ordinario, réxime de modular e réxime de distancia, sendo habitual que nestes dous últimos grupos o alumnado teña unha media de idade en torno ós 30 anos, feito que fai subir a media de idade global do alumnado do centro.

### - Persoal docente e non docente

O claustro do centro está composto por 35 profesoras e profesores dos corpos de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional, que imparten en total os 80 módulos dos 5 ciclos formativos que oferta o centro. A maioría dos docentes teñen destino definitivo no centro, aínda que tamén hai unha parte significativa de funcionarios en prácticas e interinos. Moitos deles contan cunha ampla experiencia profesional no sector audiovisual.

Prestan servizo no centro 6 traballadores máis como persoal administrativo e de servizos, incluíndo conserxería, segredaría, personal de limpeza e apoio técnico.

## 1.1. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

### - Características socioeconómicas e culturais:

O CIFP Imaxe e Son da Coruña, que recentemente cumpliu 30 anos adicado ó ensino do audiovisual e como centro de referencia no ensino público do audiovisual galego, está ubicado na cidade da Coruña, no barrio de Someso é moi preto do CIFP Someso. Moi próximo do centro da cidade, do campus universitario de Elviña e do o centro de exposicións EXPOCoruña, o entorno da escola caracterízase por ter unha mistura entre grandes infraestructuras urbanas e pequenas vivendas familiares e negocios locais. Isto refléxase no perfil do alumnado, que por unha banda está formado por alumnos e alumnas do centro da Coruña cun perfil socioeconómico medio-alto; e por outra banda, por rapaces e rapazas procedentes de municipios rurais e arredores do centro urbano, cun rango económico medio-baixo, dándolle ó centro diversidade e unha unha gran riqueza social e cultural.

### - Relación con outros plans e proxectos do centro:

Nos últimos cursos o centro está a desenvolver unha línea continuista na formación das novas tecnoloxías da información e a comunicación e xa no curso escolar 2020/21 realizouse algún Plan de formación do profesorado, “Sistema de ensino semi-presencial no CIFP Imaxe e Son” que tratou sobre a adaptación do centro ao sistema de ensino semipresencial derivado da situación sanitaria. Dito PFPP incluía unhas liñas de actuación que supuxeron un avance na dixitalización da infraestructura da escola así como na actualización dixital do profesorado: Integración didáctica das TIC, Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais e Educación dixital.

Como resultado deste plan acadáronse os seguintes indicadores: Todas as aulas foron adaptadas e quedaron en funcionamento, o profesorado e o alumnado son capaces de desenvolver o ensino de xeito semipresencial coas ferramentas Webex e Aula virtual, e a totalidade do profesorado aplica os coñecementos da docencia recibida.

Neste curso 2021/22, o presente PFPP conta con dúas líneas ben diferenciadas: Elaboración do Plan Dixital do centro e Planificación e xestión da internacionalización do centro. Ademais, estamos a participar noutro PFPP alleo; Deseño dun espectáculo musical, Coordinado polo IES David Buján. Ademais doutras actividades formativas relacionadas tamén coa dixitalización como o grupo de traballo “A aula de emprendemento na rede de CIFPs” ou o proxecto de formación “Os niveis de audio no audiovisual”.

O Plan Dixital contribuirá de maneira directa á consecución dos obxectivos establecidos no Proxecto Educativo e relacionarase cos outros plans nos que ten previsto participar o centro, para o vindeiro curso 2022/23, como o proxecto de innovación: “A dixitalización de material audiovisual en formatos obsoletos en centros educativos” (en caso de que o concedan).

Por outra banda, este plan terase en conta na PXA do curso 22/23.

## 1.2. Breve xustificación do mesmo

Normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

## 1.3. Proceso de elaboración

Para o proceso de elaboración do Plan dixital solicitouse dende o centro un Proxecto de Formación Permanente do Profesorado (PFPP). Así, o equipo de dinamización do Plan dixital está formado por cinco docentes do centro pertencentes á familia profesional de Imaxe e Son (4 profesores técnicos de formación profesional e 1 profesora do corpo de ensino secundario).

O proceso de traballo levouse a cabo a través de reunións periódicas, comunicación constante vía mail e por videoconferencia, xornadas formativas a través de webex, así como traballo individual e grupal.

## 2. Situación de partida

### Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

**/- Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:**

O centro está dotado con modernas instalacións e tecnoloxía dixital, que se reparten, principalmente, en dous edificios e un pavillón anexo:

**1. Edificio principal.** Este edificio comprende as aulas do CS de Realización, CS de produción e CS de Iluminación. Ademais, alberga os espazos comúns nos que desenvolven as súas tarefas o profesorado, o equipo directivo e o equipo administrativo: conserxería, segredaría, salas de

profesores e departamentos de orientación e calidade. Neste espazo tamén se atopan os estudos de fotografía, sala de impresión e acabado fotográfico e os almacéns de imaxe.

2. Pavillón de Animación. Xunto ao edificio principal, nun pavillón anexo, están o as aulas nas que se desenvolve o CS de Animación, cos seus correspondentes talleres e platós para a realización de stop-motion. A medio camiño, e unindo ambos espazos, ubícase o salón de actos do centro, coñecido polo alumnado como “Teatro Gustavo Pernas”, onde se realizan gran parte das actividades prácticas do centro como concertos, obras de teatro, proxeccións ou conferencias, e que actualmente está en plena remodelación.

3 Edificio de son. Fronte ó edificio principal, un segundo edificio alberga as aulas do CS de son, co equipamento e instalacións completas para o desenvolvemento dos seus módulos: cabinas de audio e postprodución, estudos de gravación musical, o taller de electroacústica, a radio do centro e os almacéns de son. Ademais, este edificio alberga o plató de televisión, a sala de realización, o control técnico e o control de imaxe.

- O Centro ten dúas redes: a instalada por AMTEGA, a cargo da Xunta, que provee de “wifi” a todos os alumnos e persoal docente e outra rede contratada pola Escola, que aumenta os datos e permite a conectividade onde non chega a rede proporcionada pola Xunta. Todo o Centro ten o 100% do espazo cableado e con conexión “wifi”.

- O Centro participa do entorno Abalarmóbil para a xestión dos alumnos, non así para os pais, xa que nos atopamos cuns rapaces que acadan a maioría de idade antes de cursar estes estudos nun 99% dos casos.

- En canto aos servizos dixitais educativos: temos espazo na Consellería para o mantemento dunha páxina web (<https://www.edu.xunta.gal/centros/cifpimaxeson>), pero o sistema, baseado en Moodle, non se axustaba ás necesidades dos nosos contidos, polo que dispoñemos da web <http://cifp.eis.gal>. Ademais, contamos coa aula virtual: <https://www.edu.xunta.gal/centros/cifpimaxeson/aulavirtual/>.

- Estáse traballando para o vindeiro curso no sistema Nextcloud para permitir unha comunicación colaborativa de tódolos docentes, incluídos titores, coordinadores e departamentos (unha mezcla de Trello e Dropbox).

- O noso Centro está fortemente informatizado contado con 8 aulas, das 10 existentes, con equipos para atender ás necesidades dos alumnos (os estudos que se imparten así o requíeren). O total é de 118 equipos. A sá de profesores conta con 4 ordenadores e os departamentos con 11. O Viveiro de empresas conta con dous equipos. Para a administración temos dous ordenadores (un conserxería e outro en administración); en mantemento, dous; na biblioteca, un; e no teatro, outro. E o equipo directivo conta con catro. A maiores, temos 11 proxectores; un encerado dixital e 2 impresoras 3D.

- Contamos coa xestión e mantemento dun autónomo que xestiona o mantemento dos equipos segundo as directrices do vicedirector e da coordinadora TIC. Engádese un sistema de “tickets”, que permite avisar de calquera tipo de anomalía no funcionamento dos equipos.

- Inexistencia de Plan de continxencia na coordinación TIC.

**- Sevicios dixitais educativos:**

- Web do centro: <https://cifp.eis.gal>

- Aula virtual do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/cifpimaxeson/aulavirtual/>

- Espazoabalar (consulta dos recursos existentes)

- Abalarmobil (comunicación co alumnado).

## 2.1. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.				3,2	
	Profesorado				3,4	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3			3,8	
	Profesorado				3,3	
	Alumnado				2,5	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.				3,6	
	Profesorado				3,5	
	Alumnado				2,9	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.				3,8	
	Profesorado				3,4	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.				3,9	
	Profesorado				4	
	Alumnado				3,7	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.				3,9	
	Profesorado				3,8	
	Alumnado				3,4	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.				3,4	
	Profesorado				3,5	
	Alumnado				2,9	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.				3,6	
	Profesorado				3,7	
	Alumnado				3	

### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	14	23	60,9%
<b>PROVISIONAL</b>	8	10	80%
<b>INTERINO</b>	1	2	50%
<b>SUBSTITUTO</b>	1	6	16,7%
<b>DESPRAZADO</b>			

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
92,8	Integrador/a B1	76,4	Integrador/a B1

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO				
BAC				
FP	90,7	Integrador/a B1	80,3	Integrador/a B1

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	6	25%
B1	8	33,3%
B2	6	25%
C1	4	16,7%
C2		
<b>TOTAL</b>	<b>24</b>	<b>100%</b>

## 2.2. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O centro conta con infraestrutura dixital e apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</li> <li>- O centro conta con dispositivos dixitais para a ensinanza e acceso a Internet.</li> <li>- A asistencia técnica está dispoñible cando xurden problemas coas tecnoloxías dixitais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- No noso centro non existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensino e aprendizaxe.</li> <li>- O alumnado non ten acceso a unha base de datos de provedores de formación no lugar de traballo.</li> <li>- Tres aulas con escasa ou nula equipación informática.</li> </ul>
	<b>PERSONAL DOCENTE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-O claustro está formado por 35 profesores e profesoras, a maioría con destino definitivo no centro.</li> <li>- Boa dispoñibilidade para aprender.</li> <li>- Moi colaboradores/as nas actividades do centro.</li> <li>- Interese por mellorar o ensino-aprendizaxe do alumnado.</li> <li>- Boa relación coas tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e grado medio-alto no dominio das TIC.</li> <li>- Tódolos módulos teñen curso na aula virtual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- As veces, os profesores non teñen tempo para explorar cómo mellorar o seu método de ensino coas tecnoloxías dixitais.</li> <li>- Aínda que o personal do centro ten un alto dominio e uso das TIC, poderían mellorarse algunhas cuestións específicas no uso de Platega ou a Aula virtual (avaliación, actividades interactivas específicas, etc).</li> <li>- Levamos dous cursos con moitas substitucións a nivel docente por personal de baixa.</li> <li>- En ocasións, o profesorado non conta con tempo para explorar como mellorar o seu método de ensino coas tecnoloxías dixitais</li> <li>- Sobrecarga de traballo polo sistema de calidade e máis proxectos que chegan ao Centro.</li> </ul>
	<b>PERSONAL NON DOCENTE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Prestan servizo no centro 6 traballadores como persoal administrativo e de servizos, incluíndo conserxería, segredaría, personal de limpeza e apoio técnico con un alto grado de implicación no centro.</li> <li>- Empréganse as tecnoloxías dixitais para motivar e facilitar a colaboración entre o alumnado.</li> </ul>	
	<b>ALUMNADO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O alumnado do centro conta con dispositivos dixitais para cando os precise e a súa relación e dominio das tecnoloxías dixitais é media-alta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O alumnado non ten acceso a unha base de datos de provedores de formación no lugar de traballo.</li> </ul>
	<b>FAMILIAS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tendo en conta que o noso alumnado é maior de idade, hai pouca relación coas familias.</li> <li>- No relativo ós equipos, o alumnado que o precise pode traer ó centro os seus propios dispositivos portátiles e utilízalos durante as clases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Colaboración escasa ou nula no ámbito familiar na Formación Profesional, dificultado ademais polo tema da protección de datos. Aínda que as familias si asisten aos eventos do alumnado.</li> </ul>
	<b>OFERTA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A oferta educativa do centro inclúe todos os ciclos formativos superiores da familia profesional de Imaxe e Son, restando só o grao medio de Técnico en Vídeo Disc-Jockey e Son para ofertar tódalas titulacións da familia.</li> <li>- O profesorado do centro conta con apoios á hora de probar novas formas de ensinar con tecnoloxías dixitais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A falta de espazo físico do centro podería ser un problema á hora de ampliar a oferta formativa.As empresas coas que colaboramos non participan no desenvolvemento da estratexia dixital do centro. Aínda que lles consultamos sobre o software que están a utilizar para impartilo na escola e sobre innovacións tecnolóxicas que tentamos implementar. Frecuentemente nos reunimos con elas por mor dos alumnos que lles enviamos en prácticas, visitando incluso as súas instalacións. E de tanto en tanto recibimos formación para profesores e clases maxistras para alumnos por parte deles.</li> </ul>
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Continuidade doutros anos na organización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Poucos proxectos de Innovación propios concedidos pola Consellería nos últimos anos, paralizados ditos proxectos polo contexto da pandemia e porque a escola tende a involucrase en proxectos de innovación doutros centros nos que se aportan os oficios que nos son propios, así como a enfocar a formación de profesorado hacia os PFPP e proxectos de formación.</li> </ul>
<b>EXTERNOS</b>		<b>OPORTUNIDADES</b>	<b>AMEAZAS</b>



<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión e colaboración ante a chegada dun novo equipo directivo.</li> <li>- O centro conta con medidas para identificar as dificultades que xurden coa aprendizaxe mixta, relacionadas coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto socioeconómico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Falta de espazo no centro para seguir crecendo e ampliando os ciclos da familia profesional de Imaxe e Son.</li> <li>- Falta de actualización de equipos informáticos quedando obsoletos en potencia ou en versións de "software".</li> <li>- Lentitude na reparación de equipos.</li> </ul>
	<b>LEXISLACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mellor desempeño á hora de transmitir coñecementos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Entrada en vigor da nova ley de FP.</li> <li>- Falta de tempo para actualizarse.</li> <li>- Cumprimento da lei de protección de datos e da lei de propiedade intelectual.</li> <li>- A volta á presencialidade completa diminúe o emprego da aula virtual e, nalgúns casos, abandónase.</li> </ul>
	<b>CONTORNA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A contorna do centro caracterízase por ter unha mistura entre grandes infraestruturas urbanas e pequenas vivendas familiares e negocios locais, o que se reflicta no perfil do alumnado, que por unha banda está formado por alumnos e alumnas do centro da Coruña cun perfil socioeconómico medio-alto con acceso ás tecnoloxías dixitais; e por outra banda, por rapaces e rapazas procedentes de municipios rurais e arredores do centro urbano, cun rango económico medio-baixo e menor acceso á tecnoloxía, dándolle ó centro diversidade e unha unha gran riqueza social e cultural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Poucas empresas do sector preto.</li> <li>- Poucos espazos deportivos.</li> <li>- Alumnos que viven no rural con dificultades de conexión a Internet</li> </ul>
	<b>ANPA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O noso CIFP non conta con ANPA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O noso CIFP non conta con ANPA</li> </ul>
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A Escola de Imaxe e Son é un referente do sector do audiovisual en Galicia e España.</li> <li>- Posibilidade de realizar actividades didácticas con varias empresas ou centros externos en prácticas interciclo.</li> <li>- Programas internacionais de mobilidade, que permiten ó alumnado realizar as súas prácticas en empresas estranxeiras.</li> <li>- O centro conta con aula de emprendemento e viveiro de empresas, fomentando a cultura emprendedora.</li> <li>- O concello aporta actividades como saídas, visitas, excursións, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tardanza na remodelación das obras do teatro.</li> <li>- Tardanza en solucionar o problema de gas radón en varias estancias.</li> </ul>

### 3. Plan de Acción

#### 3.1 Obxectivos, indicadores e accións

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

<b>OBXECTIVO 1:</b>	Aumentar o uso da aula virtual como ferramenta de aprendizaxe e avaliación entre profesorado (E3 e G)			<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Coordinadora TIC			<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Nº de actividades realizadas e avaliadas a través da aula virtual por docente implicado (Instrumento de medida: enquisa a docentes implicados) (5 actividades por docente)				
<b>Valor de partida:</b>	Non aplica (sen datos previos)				
<b>Valor previsto e data:</b>	5 actividades realizadas e avaliadas na AV por 10 docentes implicados			30/06/2023	
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
<b>AO1.1: Crear os cursos na aula virtual matricular ao profesorado do centro.</b>	Coordinadora Tic	22/12/2022	Acceso a Internet, aula virtual e “software” de follas de cálculo		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO1.2: Publicar as actividades nos cursos correspondentes da aula virtual do centro.</b>	Profesorado da materia	31/03/2023	Actividades creadas na aula virtual		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO1.3: Traballar co alumnado as tarefas e realizar a avaliación das mesmas a través da aula virtual.</b>	Profesorado da materia	30/06/2023	Actividades publicadas na aula virtual do centro		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>Área/s de mellora: E. Pedagogía: Apoio e recursos</b>					
q					

<b>OBXECTIVO 2:</b>	Realizar unha base de datos da biblioteca e matricular como socios ao alumnado do centro (C16)		<b>Acadado</b>
<b>Responsable:</b>	Coordinador da biblioteca		<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe de alumnos matriculados como socios na biblioteca do centro (50%)		
<b>Valor de partida:</b>	Non aplica (sen datos previos)		
<b>Valor previsto e data:</b>	50% do alumnado do centro	30/06/2022	

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
<b>AO1.1: Xerar un sistema de acceso do alumnado do centro ao material e libros da biblioteca</b>	Coordinador da biblioteca	23/12/2022	Software ou aplicación necesaria		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO1.2: Matricular como socios da biblioteca aos alumnos do centro</b>	Coordinador ou responsable da biblioteca	30/06/2023	Emprego do “software” ou aplicación de xestión da biblioteca		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO1.3: Posta a andar do empréstimo aos alumnos</b>	Coordinador ou responsable da biblioteca	07/01/2023	Emprego do “software” de xestión da biblioteca Redeiras		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>

**Área/s de mellora: C. Infraestrutura e equipamentos**

<b>OBXECTIVO 3:</b>	Fomentar o uso da aula virtual como fonte de recursos complementarios ao estudo (E1 e E2)			Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinadora TIC			Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Nº de enlaces e material de apoio empregados (instrumento de medida: enquisa a docentes implicados) (5 enlaces por docente).				
<b>Valor de partida:</b>	Non consta				
<b>Valor previsto e data:</b>	Un mínimo de 5 enlaces e/ou material de apoio ao longo do curso			30/06/2023	
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO1.1: Uso de enlaces de interese	Profesorado implicado	30/06/2023	Material compartido na aula virtual		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Uso de material audiovisual complementario insertado en foros e recursos, así como de apoio ás tarefas	Profesorado implicado	30/06/2023	Material compartido na aula virtual		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Uso de documentación complementaria, así como apoio ás tarefas	Profesorado implicado	30/06/2023	Material compartido na aula virtual		Realizada
					Aprazada
					Pendente
<b>Área/s de mellora: E. Pedagogía: Apoio e recursos</b>					

<b>OBXECTIVO 4</b>	Aumentar a retroalimentación entre alumnado e profesorado mediante a aula virtual e outras ferramentas dixitais (E4)			<b>Acadado</b>		
<b>Responsable:</b>	Coordinadora TIC			<b>Non acadado</b>		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de intervención e contactos e glosarios feitos (Instrumento de medida: enquisa a docentes implicados) (5 intervencións de docentes)					
<b>Valor de partida:</b>	Non aplica (sen datos previos)					
<b>Valor previsto e data:</b>	5 intervencións dos 10 docentes implicados nos foros ou aplicacións de comunicación empregado			30/06/2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Aumentar o uso dos foros (o foro de novas como taboleiro de aula e os foros de intercambio de dúbidas, experiencias e apoio ao estudo) ou outra aplicación como sistema de comunicación.	Profesores implicados	30/06/2023	Intevencións nos foros		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Emprego de wikis feitos en común como apoio ao estudo ou calquera outra ferramenta de comunicación dixital cos alumnos.	Profesores implicados	30/06/2023	Wikis ou outras ferramentas de comunicación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Uso de glosarios feitos en común como apoio ao estudo	Profesores implicados	30/06/2023	Glosarios		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>Área/s de mellora: E. Pedagogía: Apoio e recursos</b>						

<b>OBXECTIVO 5:</b>	Novo equipamento dunha aula para o Ciclo de Animacións 3D, xogos e contornos interactivos (C3, C8 e C10)		<b>Acadado</b>		
<b>Responsable:</b>	Vicedirección		<b>Non acadado</b>		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Un equipo de ordenador por alumno, conexión a Internet de todos os ordenadores e inclusión na rede do Centro				
<b>Valor de partida:</b>	Non aplica (sen datos previos)				
<b>Valor previsto e data:</b>	Equipamento informático e “software” (80% alumnos matriculados)		31/12/2022		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
<b>AO1.1: Colocación de equipos informáticos na aula co “software” a empregar</b>	Vicedirección e coordinación TIC	23/12/2022	Equipamento		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO1.2: Conexión a Internet en tódolos equipos</b>	Vicedirección e coordinación TIC	23/12/2022	Cableado e compañía de telecomunicacións dependente da Xunta		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>AO1.3: Inclusión dos novos equipos na rede do Centro</b>	Vicedirección e coordinación TIC	23/12/2022	“Software” de xestión de IPs		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
<b>Área/s de mellora: C. Infraestrutura e equipamentos</b>					

<b>OBXECTIVO 6:</b>	Aplicar dun sistema de organización da documentación que xeran os docentes (E4)			<b>Acadado</b>		
<b>Responsable:</b>	Coordinador de calidade			<b>Non acadado</b>		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	80% de dixitalización e carga da documentación que xeran os docentes como parte da organización do Centro					
<b>Valor de partida:</b>	Non aplica (sen datos previos)					
<b>Valor previsto e data:</b>	Organización e dixitalización da documentación do Centro (80%)			30/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO1.1: Entrega da documentación que xeran os titores na aplicación</b>	Calidade e xefatura de Departamento	30/06/2023	Aplicación xerada pola Xunta e ordenador		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.2: Entrega da documentación que xeran os coordinadores e xefaturas de área a través da aplicación</b>	Calidade e xefatura de Departamento	30/06/2023	Aplicación xerada pola Xunta e ordenador		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO1.3: Entrega da documentación que xeran o resto de docentes a través da aplicación</b>	Calidade e xefatura de Departamento	30/06/2023	Aplicación xerada pola Xunta e ordenador		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>Área/s de mellora: E. Pedagogía: Apoio e recursos</b>						

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

	DOTACIÓN	NECESIDADES	FINALIDADE
<b>Infraestructura</b>	Conexión a Internet en tódolos equipos da nova aula de 2º de Animacións 3D, xogos e contornos interactivos.	Cableado e compañía de telecomunicacións dependente da Xunta	Comezar o curso cos medios necesarios para cubrir a nova oferta formativa.
<b>Equipamento</b>	25 equipos informáticos para a nova aula de 2º de Animacións 3D, xogos e contornos interactivos.	Dotar de equipamento a nova aula de 2º do Ciclo de Animacións 3D, xogos e contornos interactivos.	Comezar o curso cos medios necesarios para cubrir a nova oferta formativa.
<b>Servicios dixitais</b>	Inclusión dos novos equipos da aula de 2º de Animacións 3D, xogos e contornos interactivos na rede do centro.	“Software” e xestión de IPs.	Comezar o curso cos medios necesarios para cubrir a nova oferta formativa.

### 4. Avaliación do plan

- **Avaliación procesual:** unha vez ao trimestre. Valorarase:
  - O estado da execución das accións,
  - A análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- **Avaliación final:** unha vez ao ano. Valorarase:
  - Logro dos obxectivos.
  - Propostas de mellora.

### 5. Difusión do plan

A difusión do plan farase a través da páxina web do centro; quedando unha copia a disposición da Comunidade Educativa, na secretaría do mesmo.